

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE SUBMINISTRACION DE AUGA POTABLE A DOMICILIO (PUBLICADA NO BOP NÚM. 264 DO 16.11.2012)**

### **Artigo 1. Fundamento e natureza.**

De conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 en relación cos artigos 20 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este concello establece a Taxa pola subministración de auga, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

### **Artigo 2º. Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación do servizo de distribución e subministración de auga.

### **Artigo 3º. Beneficios fiscais.**

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación de tratados internacionais.

### **Artigo 4º. Suxeitos pasivos.**

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas pola prestación do servizo de subministración de auga.

2. Nos servizos ou actividades que beneficien ou afecten aos ocupantes de vivendas ou locais, terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os propietarios destes, os cales poderán repercutir, se é o caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios.

### **Artigo 5º. Responsables.**

1. Responderán solidariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

### **Artigo 6º. Base imponible e cota tributaria.**

1. A base imponible da taxa determinarase en función do volume de auga consumida medida en metros cúbicos en cada período impositivo, que se obterá mediante a diferenza da lectura dos consumos rexistrados nos respectivos contadores de medida .

2. A contía da taxa determinarase aplicando á base imponible determinada conforme o apartado anterior, as seguintes tarifas :

## **Artigo 8º: Tarifas.**

3. As tarifas aplicables por metro cúbico consumido ó trimestre , serán as seguintes:

Mínimo: Hasta 5m3 .....	2,25 €
Desde 6m2 – 50 m3 .....	0,13 €/m3.
Desde 51m3- 75 m3 .....	0,18 €/m3.
Desde 76m3- 100m3 .....	0,27 €/m3.
Máis de 100 m3 .....	0,36 €/m3.

Por dereitos de conexión ou enganche : 90,00 € .

Por novos dereitos de conexión despois do corte de subministración : 90,00 € .

## **Artigo 9º. Período impositivo e remuneración.**

1. A taxa devengarase e nace a obriga de contribuír o primeiro día do período impositivo.

2. O período impositivo coincide co Trimestre natural, salvo nos supostos de inicio ou cesamento na súa prestación en que os que o período impositivo será o seguinte:

a) Nos supostos de inicio, desde o día en que teña lugar ata o último día do mes do trimestre natural.

b) Nos supostos de cesamento, desde o primeiro día do trimestre natural ata o día en que se produza aquel.

Cando o período impositivo sexa inferior ao trimestre natural, o seu importe ratearase por días naturais.

## **Artigo 10º. Normas de xestión.**

1. A taxa xestionarase a través de padróns ou matrículas de carácter trimestral. Os padróns ou matrículas expóranse ao público polo prazo dun mes, durante os cales os interesados poderá examinalos e, no seu caso, presentar as reclamacións ou alegacións que consideren oportunas.

A devandita exposición ao público comunicarase mediante a inserción de anuncios no Taboleiro de edictos do concello e no BOP e producirá efectos de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2. Para os efectos da inclusión nos padróns ou matrículas das altas, baixas ou variacións, os obrigados tributarios deberán presentar unha declaración na que manifesten a realización do feito imponible ou das modificacións que motivan as variacións ou baixas, comunicando os datos necesarios para que a Administración Municipal cuantifique a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación.

Á devandita declaración deberá acompañarse, en todo caso, a documentación acreditativa da propiedade do inmovible ou da súa transmisión e aquela outra que resulte necesaria para a determinación das cotas tributarias. A devandita declaración haberá de presentarse no prazo dun mes dende que se produza a circunstancias determinantes da modificación.

3. As operacións materiais de xestión, liquidación e recadación en período voluntario da taxa levaranse a cabo pola entidade concesionaria do servizo municipal de auga e saneamento, conforme ao prego de condicións que rexe a mesma.

4. A recadación das débedas tributarias por este concepto poderá realizarse en recibo conxunto coas taxas por prestación de servizos municipais de verteduras de augas residuais e por prestación do servizo de rede de sumidoiros e por recollida de lixos.

5. Se ó face-la lectura e durante as visitas de inspección que se fagan se comprobase que o contador está avariado, requirirase ao suxeito pasivo a súa inmediata reparación.

A reparación ou substitución do contador deberá facerse no prazo máximo de 10 días e mentras estivera avariado calcularase o consumo nun promedio dos tres meses anteriores .

No caso de non repararse o contador avariado ou de non ser substituído por outro novo no prazo fixado, aplicaranselle ao suxeito pasivo as seguintes tarifas:

a) Estimarase o seguinte consumo trimestral , que se notificará , en primeira notificación ao usuario:

Vivendas familiares .....	50m3 .
Locais e negocios de uso público.....	75m3.
Industrias e Talleres.....	100m3.

b) Se o suxeito pasivo, tras recibi-la primeira notificación para o arranxo do contador averiado continuase sen proceder a súa reparación ou a instalación dun novo contador , estimarase o seguinte consumo que se notificará , en segunda e posteriores notificacións:

Vivendas familiares .....	75m3 .
Locais e negocios de uso público.....	100m3.
Industrias e Talleres.....	150m3.

c) De continuar sen repara-lo contador perderá a concesión e quedará obrigado, para restablecela, a pagar o total do importe dunha nova acometida mailos gastos ocasionados.

### **Artigo 11º. Infraccións e sancións.**

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que por estas correspondan en cada caso, se

aplicará o réxime establecido en Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen ou desenvolvan.

#### DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza, aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación en sesión do día 10.05.2012 e elevada a definitiva mediante Decreto da Alcaldía de data 12.06.2012, entrará en vigor o mesmo día no que se produza a súa publicación íntegra no BOP, e comezará a aplicarse no trimestre natural seguinte o da súa entrada en vigor, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A Veiga, 31 de outubro de 2012

O alcalde